



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**Procedemento:** Contrato de obras mediante procedemento aberto simplificado  
**Expediente:** 2024/C003/000005  
**Documento:** Memoria xustificativa  
**Asinante:** alcalde

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

(Publicarase no perfil do contratante (artigo 63.3 a) da LCSP)

#### 1. Situación actual

A pista polideportiva existente en Quilmas, Carnota, presenta un acceso cunha pendente elevada na curva de acceso á mesma, o que impide o acceso con vehículos pesados. Así mesmo a pista polideportiva precisa de pintado e marcaxe de liñas, ademais da substitución do equipamento de pista que se atopa en mal estado. Ademais a caseta existente anexa á pista carece de servizos.

Xustifícase a necesidade de contratación conforme a LCSP por tratarse de levar a cabo actuacións correspondentes á mellora de acceso a pista polideportiva, realizándose para iso ampliación de trazado de curva de intersección con vial, suavizado de pendente e colocación de capa de saburra artificial. Procedendo así mesmo á limpeza de pista polideportiva e aplicación posterior de pintura apta para usos deportivos. Pintura de sinalización deportiva en pista e subministración e instalación de equipamento deportivo.

Demolición de tabiques interiores en caseta e realización de novos tabiques para aseos. Redes de abastecemento, saneamento e electricidade de aseos. Acometidas de electricidade e abastecemento. Subministración, instalación e conexión de fosa séptica. Pintura interior, exterior e de cuberta. Carpintería de aluminio en portas.

Este obra e necesaria para presentar un servizo que é de competencia municipal, de acordo coa regulación que se contén na Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

O proxecto que se pretende levar a cabo é idóneo para a satisfacción do servizo público mencionado ao prever a mellora dunha pista polideportiva de titularidade municipal coa finalidade de que o servizo sexa debidamente prestado.

#### 2. Obxecto do contrato

Descrición: **Mellora da pista polideportiva de Quilmas. Carnota (POS+ADICIONAL 2/2024).**

As obras as obras de mellora na pista polideportiva de Quilmas, consisten na mellora do acceso rodado á pista, adecuación da pista polideportiva, mediante a limpeza e pintado do seu pavimento, así como a instalación de novo equipamento deportivo.

Tamén se inclúe a adecuación da caseta anexa á pista existente, realizando a demolición de tabiques interiores e dotándoa de servizos, así como pintura exterior e de cuberta.

#### 3. Consideracións técnicas

As condicións técnicas das obras defínense no proxecto técnico xa presentado ante a Deputación Provincial

#### 4. Consideracións económicas



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### a) Estudo de mercado

No proxecto técnico aprobado descríbese con detalle as distintas unidades e prezos descompostos, tendo en conta a realidade do mercado

### b) Valor Estimado

A valoración estimada do contrato, tendo en conta os prezos habituais no mercado, ascende 36.661,97 euros (IVE excluído).

### c) Financiamento.

De acordo coa resolución de concesión da subvención da Deputación Provincial, o cadro de financiamento é o seguinte:

Deputación	Concello	Total
44.360,99€	0	44.360,99

### d) Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

O investimento proposto responde aos criterios de acondicionamento de equipamentos culturais, polo que considerando tanto a súa execución como a vida útil das obras e a valoración dos gastos futuros e colaterais aos que dará lugar a longo prazo, cumpre o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e conceptúase como un investimento financeiramente sostible nos termos sinalados nos informes do Ministerio de Facenda.

## 5. Procedemento.

### a) Cualificación do contrato.

Segundo a normativa de contratación vixente o contrato cualifícase como contrato de obras

### b) Xustificación do procedemento

De conformidade co artigo 159.1 da LCSP, os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento Aberto Simplificado nos contratos de obras cando se cumpran as dúas condicións seguintes:

- Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros.
- Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total.

### c) Execución por lotes

Non procede a execución por lotes porque a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato reduciría de maneira drástica o interese das entidades



## **CONCELLO DE CARNOTA**

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

privadas pola súa execución, ao resultar obras de escaso rendemento económico en relación aos equipos humanos e técnicos a desprazar para a execución da mesma e impedindo a correcta execución dende o punto de vista técnico.

### **d) Duración do contrato**

2 meses

### **6. Conclusións**

Por todo o anteriormente expresado considérase xustificada a necesidade de tramitar o procedemento de contratación da prestación cuxo obxecto se expresa polo procedemento sinalado.